

SUBSECTOR PERSOAL LABORAL DA AXE
TROCO DE RÉXIME XURÍDICO
14/05/2024

A semana pasada realizamos una nova reunión do Grupo de Traballo de Troco de Réxime Xurídico, estas son as principais novidades:

O venres día 9 publicaron no BOE a Convocatoria para ó acceso á Escala Administrativa de Organismos Autónomos. A este proceso pódese presentar o persoal laboral do grupo 3G do Anexo II, coas especialidades de; Administración, conductor/a, tradución e interpretación e peritación. A participación é voluntaria e o sistema de acceso é o concurso oposición, cun exame de 60 preguntas sobre 6 temas, no que é preciso acertar 18 para aprobar, sen que penalicen os faios nin as respostas en branco.

A data para o exame do persoal do grupo 4G será o 1 de xuño, hai 129 solicitudes admitidas.

Os/as vixiantes de dominio público teñen o exame o día 2 de xuño.

A especialidade de Estatística do grupo 3G sairá publicada previsiblemente no mes de xuño.

Para o resto de categorías profesionais e as súas correspondentes especialidades teñen previsión de facer as convocatorias no segundo semestre deste ano.

Desde a CIG instamos á Administración que defina canto antes as características dos postos, sobre todo no referido ó complemento de nivel e ó específico destes, xa que o persoal, aínda que ten asegurado que non vai a perder cartos, ten dereito a coñecer as implicacións retributivas deste troco.

Seguiremos informando.

Se estades interesados en ampliar información, tedes os datos de contacto ó pé da nota.